

TEMA 4: Escolma teatral (1ª avaliación)

A ponte, Lugrís Freire (<https://www.youtube.com/watch?v=oj5TBwG2ct8>)

En 1903 a Escola Rexional de Declamación estrea *A ponte*. Lugrís rompe co costumismo e o drama histórico para inaugurar en Galiza o teatro social (denuncia do caciquismo e da emigración, necesidade do galeguismo, etc).

Ánxela convértese en obxecto de desexo para o cacique da vila, D. Francisco da Pena “Vinculeiro”, que vendo frustradas as tentativas de satisfacer a súa luxuria, decide utilizar o seu poder para encerrar no cárcere a Pedro, o home da cobizada Ánxela, e tenta forzála. Finalmente Pedro acabará coa vida do cacique.

O grande acerto desta peza débese á presentación dun novo personaxe, Antón, que podemos denominar “axente dinamizador”. Este fornece aos conflitos a súa verdadeira dimensión social e ideolóxica. A xustiza pola man, velaí a mensaxe de Lugrís. A pesar do seu maniqueísmo, de que as personaxes son absolutamente bondadosas ou absolutamente malvadas, da súa tremenda carga doutrinal e de que case todo o que acontece na obra non o vemos, senón que se nos conta. *A ponte* tocaba as cuestións máis candentes da sociedade galega da época. Falaba dos problemas que preocupaban no momento e facíao utilizando a mesma lingua que falaban os traballadores, pois Lugrís redacta a súa obra en prosa.

A man da Santiña, Cabanillas (<https://www.youtube.com/watch?v=QkL9Q43NT28>)

En 1919 o Conservatorio Nacional de Arte Galega estrea *A man da Santiña*. A obra desenvólvese nun pazo e narra unha historia de amor. Trátase dunha comedia con final feliz en que o conflito amoroso vén motivado por un malentendido: os supostos amoríos entre Marirrosas (que agarda a chegada do seu mozo Ricardo, emigrado en América) e o seu tío Don Salvador (fidalgo anticaciquil). A intervención de Santiña, curmá de Marirrosas e filla de Don Salvador, resolve a situación.

Con esta peza, Cabanillas outorga á creación dramática en galego unha dimensión até daquela descoñecida: aparece a literatura dramática “cult”, a peza ben deseñada e construída, cuns personaxes ben caracterizados e que seguen unha liña de conduta coherente cos seus trazos psicolóxicos. Nos diálogos salienta a depuración estilísticas e ás veces o característico lirismo de Cabanillas.

Donosiña, Xaime Quintanilla

A donosiña (donicela) a que fai alusión o título é un animal ao que se atribúe o poder de botar o mal de ollo. A obra ábrese precisamente co mal agoiro que supón que Lela vira este animal xusto o mesmo día en que volve seu pai (Andrés) coa súa nova muller (Madanela).

A obra de Quintanilla estreada en Ferrol en 1920 respondía a todas as esixencias do Conservatorio Nacional de Arte Galega. Estaba ambientada entre as clases altas, mesmo xente que habitualmente residía en Madrid falaba galego e o tema era absolutamente universal pois tratábase dun drama de paixóns con reberetes de intriga. Na dramaturxia galega xa se tocaran todas estas cuestións, porén *Donosiña* era totalmente nova tanto na perspectiva como na técnica dramática: o adulterio era cometido pola muller e o autor xustificaba a protagonista. Os alicerces da sociedade patriarcal renxerían.

Para completar a desfeita, o ousado dramaturgo utilizaba a técnica naturalista, é dicir, non privaba o público de ningunha das grandezas e miserias morais dos personaxes: ardentes palabras de amor e desexo, apertas apaixonadas, liortas violentas e mesmo unha morte foron interpretadas perante un público afeito a saber deste tipo de accións por boca dos personaxes e non a velas directamente en escena. A crítica que publicou o xornal local, *El Correo Gallego*, probablemente da autoría de Manuel Comellas, foi demoledora: loaba a forma, mais consideraba inmoral e escandaloso o contido.

O Mariscal, Ramón Cabanillas e Antón Vilar Ponte (<https://www.youtube.com/watch?v=gItlXwPdZj4>)

Esta traxedia de estética modernista foi publicada en 1926 e adaptada á ópera en 1929. O texto está escrito en versos alexandrinos e octosílabos. Estrutúrase en tres actos que narran a heroica resistencia da

nobreza galega fronte o centralismo castelán. No primeiro, a preparación da traizón contra o mariscal Pardo de Cela; no segundo, a traizón propiamente; e, no terceiro, o martirio e a intervención dunha vella maxestosa portadora do Santo Graal.

O Mariscal interesa na súa vertente de alegoría política. Aínda que tamén se apoia na relixiosa de carácter simbólico, pois relaciona a paixón de Cristo coa do protagonista. Pardo de Cela pasa a formar parte dos míticos cabaleiros que se sacrificaron pola conquista dun ideal. Esta mestura da materia de Bretaña coa tradición galega tamén está presente *Na noite estrelecida*.

O nacionalismo dos anos vinte afanouse na procura de heroes galegos que lle deseen un valor mítico á nosa historia, un deles foi Pardo de Cela. Non interesaba a verdade histórica senón “a verdade da lenda”, idea semellante á que aplicaba Piscator por aquel tempo nas súas montaxes de carácter político. *O Mariscal* tiña un valor propagandístico non só polo tema, senón tamén polo uso íntegro do galego, posto en boca de personaxes pertencentes aos sectores máis elevados da sociedade medieval.

A fiestra baldeira, Rafael Dieste (<https://www.youtube.com/watch?v=QowE1d1Ir4k>)

Publicada en 1927, orixinal e anovadora, presenta unha trama ben deseñada e un acertado desenvolvemento. É un dos textos máis significativos da historia da nosa dramaturxia. O tema central é o da identidade. Don Miguel, vello mariñeiro enriquecido no Brasil, é retratado por un pintor ao carón da xanela da súa casa con vistas ao peirao pesqueiro. No entanto, a muller e a filla non aceptan ese fondo; néganse a recoñecer o pasado e procuran unha identidade diferente: a elegancia, o señorío que evoca un xardín. O protagonista débátese entre dous mundos: o real e o da aparencias.

Polo que fai referencia á ambientación, á caracterización e á conduta manifesta dos personaxes, a peza tería que estar encadrada na tradición naturalista. A presenza do cadro, especie de obxecto transicional arredor do cal se vai estruturando a acción, dálle un marcado carácter simbolista. Nese retrato represéntanse as esencias dun mundo ameazado por mor dun mal entendido modernismo. A súa aceptación ou transformación sitúa os personaxes en dous bandos.

O bufón d'El Rei, Vicente Risco (https://www.youtube.com/watch?v=_9XwclXw41k)

O tema da obra é a deformidade física e moral do bufón. Desenvolve a acción nunha Idade Media imaxinaria con reminiscencias artúricas. Drama de carácter trágico e lendario, apoiado nunha estética inspirada por diversas experiencias do teatro simbolista.

A acción dramática consiste na disputa amorosa entre o bufón e Guindamor, ambos namorados da raíña Iolanda. Un amor secreto que acaba de maneira trágica por culpa do bufón. No último paso, Ortruda, a azafata da Raíña, infórmanos que Guindamor e o bufón son irmáns. Nisto reside o aspecto lendario e mítico. Ao coñecer esta historia o bufón retrocede no seu proceso de conversión ao ben.

Risco toma do teatro simbolista de Maeterlink algúns elementos como o nome de dous personaxes (Tintagil e Golod) ou a utilización dos cabelos da amada como escada. Tamén está influída pola *Salomé* de Óscar Wilde no enxeño das frases da primeira escena, no abrupto final da defenestración e mais na retórica do bufón.

A lagarada, Ramón Otero Pedrayo (<https://www.youtube.com/watch?v=K7U1BNjxp08>)

Perfecta fusión do popular e do culto, do tradicional e da vangarda. Otero demostra a concepción teatral máis experimental do grupo Nós. A peza desenvólvese durante a vendima na comarca do Ribeiro nun ambiente de violencia e licenzas dionisiacas. Os personaxes móvense impulsados por instintos primarios, case animais. O señor Vences, labrego vello e rico, desexa unha moza serventa súa, Basilisa, á que lle ofrece as súas propiedades. Ao final, o vello vólvese atrás no pactado. Ela indignada induce outro criado, Delmiro, a que o mate. O rapaz acaba por asasinalo coa complicidade do fillo e do xenro do señor Vences.

Otero rende unha homenaxe a un mundo que estaba a desaparecer, aquel do que fan gabanza os cregos que van camiño do enterro e que tamén recrean as vellas pipas de viño e a esquecida alquitara do lagar. A presenza do arqueólogo e da supersticiosa Sra. Bubela introducen no texto a dimensión máxica,

contrapunto simbólico a todo o que ocorre nun plano hiperreal na historia. Otero camiña entre o esperpento e a farsada trágica, entre o simbolismo e unha especie de neorromanticismo máxico.

A sabia combinación de escenas realistas de tipo tradicional con outras de carácter simbolista, así como a utilización de diferentes rexistros lingüísticos, naturalistas nas primeiras e poético nas segundas, unido á función plástica e estética das anotacións e mais a liberdade no tratamento do espazo escénico transforman *A lagarada* nunha obra dramática que se adianta ao seu tempo.

REXIONALISMO	NACIONALISMO
MOVEMENTO DRAMÁTICO REXIONAL	MOVEMENTO DRAMÁTICO NACIONAL
Escuela Regional Gallega de Declamación, coros e agrupacións folclóricas e outras agrupacións dramáticas locais (Escola Dramática Galega...).	Conservatorio Nazonal de Arte Dramática, como proxecto.
Folclorismo/particularismo (hiper)enxebismo.	Tendencia ao universalismo.
Ámbito rural e mariñeiro.	Maior riqueza ambiental.
Énfase nos contidos, na mensaxe.	Maior preocupación por aspectos formais.
Narratividade.	Maior dramaticidade.
Drama rural e social, comedia rural, sainetes e entremeses.	Novas formas dramáticas e introducción de novas tendencias (simbolismo, modernismo e expresionismo).
Dualidade entre a Galicia rural (verdadeira) e a Galicia urbana.	Tentativas de ruptura da dualidade rural/urbano.
Intencionalidade didáctica e social.	A instrumentalización da creación dramática combínase coa procura de calidade artística.
Escasa implantación política.	Representantes nas Cortes.

Manuel Lugrís Freire
A PONTE (1903)
Drama en dous actos en prosa

ACTO PRIMEIRO

A escena representa unha cociña de casa de labrego algo acomodado. Porta ao fondo que comunica coa horta, e outra lateral dereita. Artesa, cadeiras de palla, dous tallos, un cadro da Virxe, un Crucifixo, etc. É polo día.

ESCENA PRIMEIRA

ÁNVELA: (*Aparece sentada, cosendo, a carón do lar.*) Non, non pode ser, a miña alma vaise enchendo de feles e non poderei seguir vivindo deste xeito. O meu Pedro, o meu home, honrado coma a honradez mesma, preso na Coruña por unha denuncia falsa, por unha canallada do Vinculeiro! Deus teña piedade de min! Deus protexa os meus fillos!... Non quixen ser súa, non quixen lixar a miña honra!... Non quereirei endexamais faltar á fe que debo ao meu Pedro, a miña vida mesma! O pai dos meus filliños! (*Pausa.*) O Vinculeiro perseguíume sempre. Cando o meu home estaba fóra non me deixaba a sol nin a sombra. Unha paixón criminal entrou no seu peito, e cando se convenceu de que para a caixa das miñas virtudes non había chave, xurou perderme, e perdeunos a todos! Buscou testemuñas falsas e meteu no cárcere ao meu home!... Nin a fame, nin a morte mesma, nin todas as malas fadas en contra de min, poden arrincar o querer que lle teño!... Vinculeiro! Vinculeiro maldito, téñoche xenreiras de morte, detéstote con todas as enerxías do meu corazón. (*Chaman á porta.*) Quen será? Adiante! (*Érguese.*)

ESCENA SEGUNDA

ÁNVELA e SABELA entrando.

SABELA: Santas e boas tardes nos dea Deus e maila Virxe.

ÁNVELA: Amén, señora Sabela.

SABELA: E os teus pequenos?

ÁNVELA: Na escola.

SABELA: E de Pedro?

ÁNVELA: Nada sei. Estou esperando polo seu sobriño, o meu compadre Antón, que foi onte á Coruña para traer hoxe ao meu home, deixando fianza para que o solten polo de agora. Ai! Deus o vexa vir con ben.

SABELA: Pois eu, Ánxela, agardarei aquí ata que cheguen. Non deben de tardar, porque as lanchas do Porto veñen ás catro, e xa deben de estar a caer as cinco. Ademais teño moita impaciencia cando o meu sobriño Antón está fóra da casa, porque agora anda metido nunhas teimas e recibe uns boletíns que casamente dá medo oírlos ler. Dende que estivo traballando na Coruña non sei que cousas se lle meteron na cabeza.

ÁNVELA: E que é?

SABELA: Pois que agora non quere dar o voto ao Vinculeiro, nin as ofrendas ao señor Cura, nin quixo facer o cabodano de seus pais, e repartiu entre os pobres da parroquia os cartos que habían de gastarse. Xesús me valla! Non sei que mala herba pisou. Sempre me está dicindo que todos estes chupatintas nos rouban e nos asoballan por culpa nosa, porque non queremos facer uso dos nosos dereitos.

ÁNVELA: Nalgunhas cousas tenlle moita razón.

SABELA: Terá, Ánxela, terá. Mais con esa teima que colleu sempre está rifando con todo o mundo.

ÁNVELA: Iso non é bo, señora Sabela.

SABELA: Que ha de ser! Verás... O outro día quíxolle dar unha labazada ao Alcalde porque lle pediu o voto; e ao Vinculeiro xa lle caeu que rascar, pois díxolle que como non diga a verdade, de que Pedro se entrou na súa casa foi porque el lle mandou, que ten de facer un escarmento.

ÁNVELA: Antón é moi bo, aínda que di esas cousas que a vostede non lle gustan.

SABELA: Xesús! É bo como un santo dos altares, como aquel seu pai, meu irmán Xaquín, que Deus teña na súa santa presenza...

ÁNVELA: Amén.

SABELA: Pero ten moito xenio, iso si. Sempre está dicindo non sei que de dinamita, de que hai que facer estoupar os tiranos, de que a verdadeira hora da redención dos homes está chamando ás portas da conciencia. Dígoche, Anxeliña, que el moito fala disto. (*Pausa.*)

ÁNXELA: Ben; deixemos agora esa conversa, e falemos doutra cousa... Que se di de novo por aí?

SABELA: De novo? Onte non se falou doutra cousa en toda a parroquia que dunha alma en pena...

ÁNXELA: Dunha alma en pena!

SABELA: Si, muller, si.

ÁNXELA: Vostede soña!... E viuna?

SABELA: Vina. Aínda se me arrepía o corpo co medo!

ÁNXELA: Conte, señora Sabela, conte.

SABELA: Pois verás, miña filla en El Señor. Onte, serían as dez da noite. Cando petou Pepa do Couto na miña porta dicindo: "Saia ao rueiro, Sabela que aí está unha alma en pena.» Saín; ollei para todos os lados, e nada vin.

ÁNXELA: E que había de ver?

SABELA: Acouga, Anxeliña, ten calma. A noite estaba escura, moi escura. Parecía que as meigas taparan as estrelas cun pano mouro. Ollei a Quenlle, onde din que pola noite se xuntan todo os trasnos para teren parlamento; e aló preto do monte Lixandre, vin unha luz que ía e viña coma unha bolboreta empuxada por vento tolo. Ai!... Aquela luz viña cara á min!

ÁNXELA: Xesús!

SABELA: Nunca Deus me dera!... Axeonlleime, persigneime correndo, recei polas benditas ánimas do purgatorio, e despois pechei os ollos. O sangue callóuseme nas veas... Ouvín o cantar das curuxas, o ouveo dos cans ventando a morte, os láidos da compañía, as risas da estadea... e unha barafunda nas orellas como se dentro da miña cabeza estalaran os foguetes todos da festa de Santa María. A luz pasou ao meu rente. Sentín ulido de mortos e bafos de cera... e moito frío, brr! Moito frío! Abrín despois os ollos. Entre a brétima da noite, no curuto da Quenlle, estaba outra vez a alma, esvaecéndose... esvaecéndose coma unha estrela que sobe ao ceo para se perdurar nas santas vestiduras de El Señor.

ÁNXELA: Aprehensións, señora Sabela, aprehensións.

SABELA: Non, filla, non.

ÁNXELA: Boh!

SABELA: É tan certo como que te estou vendo con estes ollos que teñen de comer a terra.

ÁNXELA: Se sabe o seu sobriño Antón que vostede cre nesas cousas!

SABELA: Sabe, sabe. El sempre me está rifando por esta causa.

ÁNXELA: Ten razón...

SABELA: E di que somos ignorantes nas aldeas. Que os cregos debían prohibir esas crenzas que a igrexa condena; e que non quere entrar a razón no noso miolo.

ÁNXELA: Pero aínda non me dixo vostede de quen era esa alma en pena.

SABELA: Da filla do fogueteiro, que xa falou de noite con xente que me merece moito creto.

ÁNXELA: E por que vén a este mundo?

SABELA: Por que? Ti non o sabes?

ÁNXELA: Non, señora.

SABELA: (*Baixando a voz.*) A pedirlle conta dos seus pecados ao Vinculeiro. A pobriña tirouse a afogar na praia de Morazón cando se veu coa mala sona que ese xudeu botou sobre dela.

ÁNXELA: Ese home non ten conciencia!... É un verdadeiro lobo con feitura de cristián.

SABELA: O Vinculeiro non é un home.

ÁNXELA: Logo, será muller!

SABELA: Mira, Ánxela; o demo vólvese de moitas feitura neste mundo. Unhas veces toma corpo de carneiro, outras de lobo, outras de can, de gato, de...

ÁNXELA: De Vinculeiro, que aínda é peor!

SABELA: É verdade. Neste caso sucede así.

ÁNXELA: Ao menos polas aparencias.

SABELA: E mais polos feitos. Xa ves o que ten pretendido de ti.

ÁNXELA: Xa, xa! Mais ben sabe vostede, señora Sabela, que eu quero moito ao meu Pedro, e que nin co pensamento lle falto. Pois o Vinculeiro non me deixa a sol nin a sombra! Eu tremo que chegue a sabelo o meu home. Co xenio que ten, fai unha morte. Non quero que o meu home faga nada diso, non. Xa sairá con ben desa infame traizón do Vinculeiro. Deus é moi grande e xusto, e non pode esquecer a quen, coma nós, lle temos tanta obediencia. Que non chegue o Vinculeiro a andar na Santa Compañía, non como esa infeliz filla do Fogueteiro, senón coma as almas dos condenados, bruando como brúa o vento nas fragas de Miodelo nas noites de inverno.

Ramón Cabanillas
A MAN DA SANTIÑA (1919)

PASO PRIMEIRO

Salón de entrada e recibimento no andar alto do casal de Riosagro. No fondo, á man esquerda do público, unha porta ben cumprida que deixa ver o descanso e a balaustrada dunha escaleira de pedra e, máis alá, as pólas floridas das árbores do xardín. No testeiro da fronte unha mesa e un espello de cadro dourado que fagan xogo. Á banda dereita, portas cubertas por cortinas de xeito antigo. Nas paredes, onde cadren ben, dous ou tres retratos dos vellos patróns que foron donos do casal. No taboado, cadeiras de brazos de respecto e cadeiras de coiro que falen doutros tempos. Ao erguerse o pano son as nove da mañá, dun domingo de sol roibo, no mes de maio, e atópanse no salón Rosario, Misia Manuela e Marirrosas.

ROSARIO: *(Namentres axeita a mantilla, cara ao espello, axudada de Marirrosas)* Chegaremos tarde! Santiña sempre a derradeira! Santa!! Santiña!!

M. MANUELA: Déixea, tía! Que lle quere pedir a catorce anos!

ROSARIO: Imos a entrar despois de mudar o libro! Santiña!!

SANTIÑA: *(Vén arranxando os cabelos, coa mantilla sen pór)* *(A Rosario)* Hoxe erguícheste de mal aire! *(A Marirrosas)* Como aínda non estou afeitada!

ROSARIO: Polas trazas non acabamos en toda a mañá *(A Santiña)* Pon axiña esa mantilla!

SANTIÑA: De Marirrosas, non digo; o que é, ti podes falar! Hai dúas horas que andas prendendo alfinetes! *(Achegándose a Marirrosas para que lle poña a mantilla, con mimo)* ¡Axúdame ti, Marirrosas, axúdame ti! Ai, meu Deus, tes hoxe unha cariña que namora!

MARIRROSAS: Mimosa e mentireira xa non hai outra!

SANTIÑA: *(Volvéndose cara a M. Manuela)* Entón? Non vou ao seu gusto?

M. MANUELA: *(Contemplándoa aloulada)* Cumprimenteira coma sempre!

(O resto da conversa, ata a entrada de Don Salvador e Don Pedro, desenvólvese ás présas, namentres as rapazas axeitan os mantiños, botan a derradeira ollada ao espello e recollen os parasoles, os rosarios e os libriños de misa.)

ROSARIO: Hoxe traedes mozo!

SANTIÑA: Pois non vou mercalo!

ROSARIO: Pero se o atopas no camiño!

SANTIÑA: Hache de vir polo seu pé, que eu non che me adoito para andar co gando pola corda!

MANUELA: *(A Rosario)* Métete con ela xa verás!

MARIRROSAS: Acabade, que se perdemos a misa perdemos a viaxe!

SANTIÑA: E as que a teñen ofrecida aínda perden máis!

M. MANUELA: *(Fixándose no dito de Santiña que o marcou sorrindo para Marirrosas)* Ofrecida?

SANTIÑA: Puidera ser! Vostede non sabe que para os amores de lonxe fanlle moi boa man o noso San Benito?

ROSARIO: *(A Marirrosas, sorrindo)* Como che acerta!

MARIRROSAS: *(A Santiña)* Que faladora! *(Como se a reprendese)* Se calaras...!

SANTIÑA: Perdóame! *(Bicando a Marirrosas)* Dáme o corazón que vai vir! Calquera día témolo aquí! *(Tomando o aire dun mozo que trouxera bastón e un cigarro na boca)* Oia, che, amigo!

(Pola porta do fondo entran Don Salvador e Don Pedro.)

D. PEDRO: *(Cos brazos erguidos como declamando)* Ben se ve que estamos no maio! Rosas decotío! Rosas nas valgadas, rosas nos camiños, rosas nos fogares! Rosas por aí fóra, rosas aquí dentro!

(Rosario e Santiña bican a seu pai.)

D. SALVADOR: O terceiro toque á misa e vosoutras aínda de parola!

SANTIÑA: Eu tamén son rosa, padriño?

D. PEDRO: Ti a rosiña máis pequerrecha, a máis xeitosa, a máis leda; a rosiña branca, branca e miúda coma as rosiñas con que xogan os anxiños do ceo!

ROSARIO: Eu non son rosa?

D. PEDRO: Ti a rosa lanzal, fresca e ergueita, roxa e latexante coma as rosiñas que bican agarimosos os ventíños da alborada e cobren de pedras finas e brilladoras os orballos da noite! Ti a rosa namorada do sol! (*Rosario faille unha reverencia*)

MARIRROSA: E eu que rosa son?

D. PEDRO: Ti a rosa dos encantos e os milagres; a rosa amarela e recendente con que soñan as estrelas! Ti coma esas rosas das roseiras enraizadas no corazón e florecidas no ceo! A raíña das rosas! (*Marirrosas colle unha flor das que leva ao peito e dálla a D. Pedro*)

MARIRROSA: O namorado e o bo cabaleiro!

D. SALVADOR: Se facedes caso á cháchara...!

M. MANUELA: (*Como doída de que non lle chamase rosa*) Probes vellas!

D. PEDRO: Aí, ti tamén! Ti tamén rosa de altar! Ti a rosa boa, a rosa santa... A rosa de sempre! A rosa...!

M. MANUELA: Abonda, home, abonda! Xa cumpriches! (*As rapazas rin e vanse en dirección á porta*)

SANTIÑA: Ata a volta, padriño.

ROSARIO: Marchamos, marchamos! Adeus! (*As tres case a un tempo*)

MARIRROSA: Adeus, que é tarde!

D. SALVADOR: (*Volvéndose para Marirrosas que sae derradeira*) Adeus, Marirrosas! Vas para que te rouben!

MARIRROSA: (*Sorríndolle*) Os ollos con que se mira...! Adeus, tío!

(*Misia Manuela chégase á balaustrada. Escóitanse as risadas das mozas que se afastan, mentres batén no vento as badaladas da campá que toca á misa por vez derradeira.*)

D. PEDRO: (*Despois dun lixeiro silencio*) É para estar satisfeito!

D. SALVADOR: Non me queixo.

D. PEDRO: Non terías perdón de Deus! Con dúas fillas como Rosario e Santiña e cunha sobriña do xeito de Marirrosas... (*Misia Manuela atravesa o taboado e sae por unha porta da dereita*)

D. SALVADOR: Tes razón! Non llo pago a Deus! E o milagre é dela, desa Marirrosas que, coma unha nai e coma unha irmá ao mesmo tempo, fixo de súas curmáas dous espelliños limpos e claros. Ela é o goberno e a alegría desta casa. Despois da morte da santa compañeira que me viñera do ceo e ao ceo tornou, con miña irmá magoada de dores, enfermiña decote como unha rosiña sen sol non sei o que sería do meu fogar e non ter á miña beira esta sobriña encanto e agarimo de todos nós.

D. PEDRO: Así é de bo Aquel de arriba! Non pode saber dunha ferida sen que axiña poña a rente da man a medicina que atalle o sangue e calme a dor. E... (*Sentándose*)... Quen sabe! Aínda poida que faga cerrar de todo a ferida aberta!

D. SALVADOR: (*Achegándoselle*) Non te entendo!

D. PEDRO: Enténdome eu! (*Lixeiro silencio*) Cantos anos tes?

D. SALVADOR: (*Non dando co pensamento de Don Pedro*) E iso a que vén?

D. PEDRO: (*Como falando con el mesmo*) Corenta e seis..., corenta e sete, todo o máis... Debícelos facer polo entroido.. Ela debe andar nos vinte e cinco...

D. SALVADOR: (*Facéndose o cargo*) Cala, Pedro. Cala por Deus! (*Sorrindo*) Tería de ser un pecado para o que non atoparía perdón nin neste mundo nin no outro!

D. PEDRO: (*Remachando o cravo*) Iso, só ela tería de dicilo. E... non sei! Hai tempo que me antolla ver nos teus ollos moita, moita claridade cando a tes diante! Sen que ti mesmo te deras conta, pode ser que estas magoado dela, sen botar mal pensamento... Que tería de estraño? En quen pousar os ollos nestas probas campás sen señorío?

D. SALVADOR: (*Con enerxía, como desfacéndose dun pensamento*) Non e non! Ti chocheas, meu Pedro!

D. PEDRO: Non? Dicilo cos beizos importa pouco, o conto é que non saia de dentro!

D. SALVADOR: (*Xa tranquilo, tomando a cousa a risa*) Sempre fuches un anaquiño casamenteiro. Non lle deas voltas ao veo. Non faga o demo que tamén a min me dea por encontrache achego!

D. PEDRO: Pobre de min! Xa me pasou o sol pola porta! O meu... non puido ser!

ACTO TERCEIRO

A escena queda soa por un bo anaco. Pouco a pouco ábrese a porta do fondo e aparece nela Euxenio. Con moitas precaucións vai cara á porta da dereita. Ábrese esta e sae Madanela.

EUXENIO: Madanela! Miña Madanela! Por fin!

MADALENA: Vaite, vaite! Vaite, por Deus! Ti non sabes o que acabo de sufrir!

EUXENIO: Que pasou?

MADALENA: Andrés, sabes?, sospeita... Ten case que a certeza do que pasa. Tiven que facer mil esforzos para dominalo, para finxirme morta de amor por el. Vaite, por Deus!

EUXENIO: Ouh, non, non me vou! Aínda que se desfaga o mundo enteiro! Aínda que se abra a terra e nos trague a todos!

MADALENA: Vaite, Euxenio. Aínda teño o corpo cuberto de suor fría. Sentín morrer nos brazos de Andrés! Atopámonos ao bordo do abismo, Euxenio. O roubo das alfaías tense que descubrir dun día para outro. Eu xa non sei como Andrés non o sabe. Virán as indagacións. Eu non saberei finxir. Descubrirannos! E perdereite, Euxenio, perdereite para sempre! Pola imprudencia dun día podemos perder a felicidade de todo o tempo.

EUXENIO: Non me importa! Eu non saio de aquí!

MADALENA: Pero estás tolo, Euxenio?

EUXENIO: Si, estou tolo, tolo por ti. Xa nada me importa. Xa todo me é igual! Que o saiban todo. Que me leven a presidio. Pero denantes quero beber na túa boca, para apagar esta sede dela que me estiña. Estou tolo! Tolo de fame por ti. De fame dos teus agarimos, da túa carne, do teu amor! Quero loitar por ti, e defenderte, defender a túa posesión! Defendela coma unha besta maldita, a dentadas, a couces, mordendo a quen me morda, cravando as miñas uñas en quen te queira. Abrásanme os celos! A seguranza de que hai quen te toca, que te apreixa nos seus brazos!

MADALENA: Pois non pode ser, Euxenio. Cálmate, pola túa nai, polo noso amor! Eu non teño a culpa de todo isto que pasa. Xa cho dicía eu, Euxenio! Xa che dicía que para nós tiña de ser imposíbel esta vida. Temos moitos inimigos e xa ves o que che pasa con Rosendo. Eu xa non sei se todo isto será un castigo de Deus!

EUXENIO: De Deus? Mira, non me fagas blasfemar, que sinto que a blasfemia me vén á gorxa. Que pecado fixen eu? Cal é o meu delito? O de te querer con azos de morte, quererte tolamente, rabiosamente! E se Deus puxo en min este amor, que é a miña vida enteira, por que Deus me ha de castigar? Por ti levo feito todo o que fixen. Por ti a miña vida é moura, como noite sen luar, pero non a cambio por resplandor ningún. Por ti, Madanela, fun ladrón. Por min tamén ti es ladroa. E eu serei asasino! Eu serei criminal! Pero que non me separen de ti!

MADALENA: Pois, por que non fuximos?

EUXENIO: Si, fuxiremos. Escaparei dos meus inimigos. Pero esta noite, non. Esta noite ten que ser noite de amor. Unha noite de amor con lembranzas de mortos e ouveos de cans. Bicos que sexan como agoiros e apertas que semellen meiguerías! Ven para aquí, preto da fiestra (*Van cara a ela*) Deixa que a luz do luar che dea na cara. Así. Déixame ver o infinito do ceo no fondo abismal e infinito da túa mirada!

MADALENA: Euxenio... Mátasme! Toléasme!

EUXENIO: Un bico, Madanela!

MADALENA: Os teus beizos, Euxenio! (*Bícanse. Madanela de costas á fiestra, iluminada pola lúa*).

EUXENIO: Isto é vivir, Madanela! Os teus beizos son como unha vara máxica que fai encantamento de todo o que toca.

MADALENA: Por iso os teus beizos, xa encantados polos meus, son o meu encantamento.

Unha pedra vén, rápida, de fóra, dálle na testa a Madanela. Esta vacila, xeme e vai caer. Euxenio tena nos seus brazos.

EUXENIO: Madanela! Madanela! Que che pasa? Que foi? Que é isto, meu Deus? Madanela! Miña Madanela! Sangue! Non me escoitas, Madanela? Miña pícara!

Ábrese, de súpeto, a porta da dereita. Aparece nela Andrés, cun revolver na man.

ANDRÉS: Ah, ladrón, canalla!

EUXENIO: Andrés! (*Sen deixar a Madanela*).

ANDRÉS: Si, eu... Que sospeitaba. Que o vía claro todo! Que saltei como un ladrón pola fiestra do cuarto de Madanela e vino baleiro! Que para sorprenden os ladróns tiven que chegar ocultamente, como un ladrón máis!

EUXENIO: (*Solta a Madanela. Esta cae, morta, no sofá*) Ouh, pero defendereime! Aquí non hai inxuria para ninguén, pois eu era o dono desta muller! Tocar a esta muller ten pena de morte!

ANDRÉS: De morte?

EUXENIO: Si, de morte!

ANDRÉS: Pois esa pena vas ter!

Andrés quere disparar. Euxenio bótase riba del. É unha loita salvaxe, bestial. Caen polo chan. Mórdense coma cans doentes. Na loita, Euxenio consegue arredarse de Andrés e tirarlle, cunha forza titánica, unha cadeira, que creba no chan. Volven agarrarse e o revólver cae das mans de Andrés. A loita adquire cores trxicas. Todo o desexo dos dous homes é coller a arma. Euxenio, preto dela, dálle unha patada e afástaa. Por fin Euxenio librase de Andrés. Dubida un momento e tñrase pola fiestra aberta. Andrés vai, rápido, e colle o revólver. Corre cara á porta do fondo. Ábrese esta e sae Lela.

LELA: Onde vas, meu pai?

ANDRÉS: Vou matalo! Vou desfacelo!

LELA: (*Agarrándose, de xeonllos, ás pernas del*) Non vaías! Fun eu quen tirou a pedra! Estaba eu no xardín, para ver se escorrentaba o medo. E vinos na fiestra os dous, vin que se bicaban, meu pai! Acordeime de ti. Acordeime da miña naiciña e sentín outra vez a man fría que me tocaba na cara! Alí estaban os dous, os canallas: un nos brazos do outro! Collín unha pedra e pechei os ollos. E aló foi a pedra, como un lóstrego! Sentín o berro de Madanela, un berro de anguria! Mátame, meu pai!

ANDRÉS: Matarte! Ti fixeches xustiza! Pero déixame saír! Que escapa o canalla e estou sedento do seu sangue!

LELA: Non, non vaías! Teño medo por ti!

ANDRÉS: Déixame, Lela! Déixame ou non respondo de min!

LELA: Non, non vaías! Non quero que vaías!

ANDRÉS: Que non queres que vaia!

LELA: Non, non quero! Aí tes a Madanela. Miraa. Mira que lle pasa.

ANDRÉS: Madanela? (*Véndoa*) Ouh, si, meu Deus! Madanela! (*Cóllea e abálaa feramente*) Madanela!

FUCO: (*Polo fondo. Arrepiado. Cos ollos fóra das órbitas*) Señor! Meu señor! Señorita! Ai, que desgraza!

LELA: Que? Que pasa?

FUCO: O can, señorita! Ai, que desgraza na casa!

LELA: Pero que é? Que pasou?

FUCO: Non o sei, señorita. O can debía estar ceibe. Coñécese que o señorito non o sabía. O Leal botouse a el. Ouvín os seus ladridos e os berros do señorito e fun, correndo, con Maruxa. Ai, señorita! Eu coido que D. Euxenio está morto! Non fala! O Leal botóuselle á gorxa. A Maruxa custoulle traballo arredar o can!

LELA: Morto!

FUCO: Si, señorita! Coa cara desfeitiña e teso como un pau!

ANDRÉS: Madanela! Miña Madanela! Aínda sabendo o que sei... quérate con toda a miña alma! Madanela!

FUCO: Corra, señorita, por Deus!

LELA: Morto! (*Cun berro tolo*) Euxenio! Meu Euxenio!

FUCO: Veña axiña, señorita! (*Vaise*).

ANDRÉS: Madanela!

LELA: Euxenio! Que agora sei o que sentía por ti! Euxenio! (*Vaise*).

ANDRÉS: (*Saloucando*) Madanela! Miña Madanela!

LELA: (*Fóra da escena*) Euxenio! Euxenio!

ANDRÉS: (*Desesperadísimo*) Madanela!

LELA: (*Máis lonxe*) Euxenio!

ANDRÉS: Madanela!

LELA: (*Moi lonxe*) Euxenio! Euxenio!

Ramón Cabanillas e Antón Vilar Ponte
O MARISCAL (1926)

ACTO TERCEIRO
XORNADA PRIMEIRA
PRIMEIRO CADRO

Un calabozo na cadea de Mondoñedo. No fondo, á esquerda, un Santo Cristo ao pé do que prega de xeonllos Frei Rosende; á dereita unha fiestra enreixada, ao través da que se ve o ceo, alumeado por un fio de luz.

O Mariscal. Miranda. O fillo do Mariscal.
Os tres con grillóns de ferro

PEDRO: *(Que está mirando ao través das grades da fiestra):*
Vén o día! Na raia da montaña
a clarexar comeza.

O MARISCAL: Tras da escuridade desta noite triste,
tras destas irtas, medorentas tebras,
ten de chegar a luz da liberdade
a abrir as portas e a tronzar cadeas;
a levarnos alén, onde o repouso
os corazóns magoados sosega.
Liberdade da morte,
como ningunha de baril e rexa,
contra a que nada poden mando
e forza deses reis tiranos!

MIRANDA: Dor é que sexa
a liberdade nosa, escravitude
desta adorada malferida terra!

PEDRO: Adeus, fio azulado
da luz da miña estrela!
Adeus, adeus que morres,
raiola derradeira!
Estreliña que loces á alborada
e sabes meu amor e miña pena,
cando tornes mañá, bícaa na fronte
e dille que morrín pensando Nela!

O MARISCAL: Doce Galiza, patria benquerida,
tronco, berce e solar dunha nobreza
que nos campos de loita foi espello
prez e honor da Iberia!
Ouh, miña terra! Como nós en ferros,
doente e prisioneira
sen defensa xulgada,
dos teus fillos vendida a man allea,
por ti morro magoadado chan bendito,
por ti a alma doída desespera!

MIRANDA: Ten o teu sangue de deixar na Historia
un regueiro de luz viva e acesa!

Vivirás nas súas páxinas gloriosas
canto viva a lembranza desta terra!
O teu nome será o facho luminoso
que amose a vereda
por onde han camiñar, tempos adiante,
os que sintan no peito a sacra arela
de facer libre o chan en que naceron,
de ter patria de seu, honrada e ceiba!

O MARISCAL: Deus está preto! A túa lealdade,
as túas nobres e animosas verbas
énchenme de consolo.

MIRANDA: Para sempre permanecerás
como exemplo!

PEDRO: Si! A Frouxeira
será espiña chantada eternamente
na entraña de Castela.
Deus e o esforzo galego virá un día
que nos vinguen con honra!

O MARISCAL: Non estiveras
entre nós, ouh, meu Pedro, rosa branca
que a inxustiza terá de pór vermella!
e fora para nós centos de veces
bendita a morte que de aquí nos leva.
Meu filliño!

PEDRO: Meu pai! Miranda!
Para os que saben amala e merecela,
para os que saben sorrirle,
a morte é agarimosa, mol, festeira.
Non vos doia por min! Os vellos deuses
amaban a crueldade sanguinaria;
sempre foron os mártires
das relixións a gala e a nobreza;
sempre estiveron cheos
de misteriosa graza milagreira
os altares regados
co sangue limpo e roibo da inocencia.
Corra o meu no bendito altar da patria!
El ten de lle dar vida a unha roseira
que, eternamente florecida, cante
a gloria do brasón Pardo de Cela!
Irei con vós á morte, altivo e ledos!
Quero ser, quero ser rosa vermella!

Rafael Dieste
A FIESTRA BALDEIRA (1927)

SEGUNDO LANCE

DON MIGUEL: (*Con esforzo*) Que queredes? A muller e a filla... (*Enérxico*) E mais a min paréceme que coa emenda que din quedará ben, non lle parece, don Antonio?

ANTONIO: Os mariñeiros coidan que non quedará ben. (*Pausa chea de anhelos. Despois di con moita medida*) Eu tamén coido que non quedará ben. (*Outra vez silencio longo.*)

CARAMAÑOLA: (*Solemne*) Escoite, don Miguel; aínda que estes anos derradeiros foron farturentos, nós somos pobres...

O GARREANTE: Si, nós, quen máis quen menos, somos pobres, non é deshonra dicilo, e don Miguel ten reluciente folgura de bens... Meréceos, si señor. Onde está o troleiro que o desminta? Aquí, non! Aquí estou eu para dicir que non! É ou non é certo?

O VELLO ANÓNIMO: É certo. Aquí entre nós...

O MOZO ANÓNIMO: E fôra tampouco, se temos de falar polos outros compañeiros.

O VELLO ANÓNIMO: A envexa cando ferve o sangue, ben se ve nas caras. Olle aquí as nosas, que son as de todos!

O GARREANTE: E se algún veu con eses contos...

DON MIGUEL: Ninguén me trouxo aquí conto ningún, nin ía ser eu quen os escoitase.

O GARREANTE: Non, envexa non, nin clase ningunha de xenreira... Fachenda, iso si! Fachenda de que un mariñeiro coma nós...

CARAMAÑOLA: Pero agora é outra cousa... Alá se nos vai a fachenda! Porque un tamén sente; e vese que vostede, falou ben o Garreante, xa non é o do retrato.

DON MIGUEL: Sigo sen entendervos. Dicide o que queredes.

SEÑOR BALDOMERO: E ben... Queremos que o retrato vaia como vai.

DON MIGUEL: Irá como eu queira... Pero, como non me falaches así cando che pedía consello? Fúcheste escabulindo e nada claro saíu dos teus beizos.

O SEÑOR BALDOMERO: Hei de pregar eu que non me ofendan os máis vellos amigos?

CARAMAÑOLA: Agora queremos que o cadro vaia como vai, e irá. Irá porque o cadro é noso. De vostede non pode ser. Non ve ben que ese cadro non é de vostede? É noso e nada máis que noso!

TÓDOLOS MARIÑEIROS: Ben falado. O cadro é noso.

O VELLO ANÓNIMO: É noso diante de Noso Señor e da Virxe patroa do mar.

O MOZO ANÓNIMO: É noso e levarémolo.

DON MIGUEL: Vós toleades.

CARAMAÑOLA: Non toleamos, non. Levarémolo porque é noso e porque, aínda que somos pobres, o ano foi de sorte... Así que, canto quere polo cadro, don Antonio? Nós xuntamos mil pesos. Abondan?

ANTONIO: Abonda o voso desexo de levalo. O cadro é voso! Gardade os mil pesos.

CARAMAÑOLA: Os mil pesos ou os que valla o cadro aceptaraos vostede, aínda que sexa pola forza.

TODOS: Si, si, temos que aceptar.

O GARREANTE: Non desprece ese diñeiro. É diñeiro limpo e reluciente. Ouro e prata do mar.

DON MIGUEL: Iso non poderá ser. Endexamaís. O cadro é meu. Son eu. Son eu!

(*De súpeto o Garreante arrandea no ar o brillo dunha faca.*)

O GARREANTE: Eu digo que poderá ser.

(*Cun movemento rápido fai escorrentar a todos e, nun xiro hábil e garboso da faca, arrebatálle ao cadro o anaco de lenzo en que se ve o mar coas lanchas, o peirao, as redes...*)

TODOS: (*Afogado a voz de don Miguel que di que aquilo «é cousa de tolería ou de soño»*) Abóndanos con ese anaco. Os mil pesos por ese anaco. Diñeiro limpo e reluciente! Ouro e prata do mar!

(*Vanse os mariñeiros levando o anaco de lenzo con moito rebumbio.*)

DON MIGUEL: (*Imperativo e furioso a dona Balbina e Adelaida que asoman pola esquerda preguntando «que pasa».*) Ídevos, ídevos! (*Despois dun intre de silencio*) Que lle parece isto, señor pintor?

ANTONIO: (*Ambiguo*) Marabilloso asunto para unha comedia! Contareillo a Nogueira. (*Vaise.*)

DON MIGUEL: É isto unha comedia? (*Desconcertado no medio da escena*) Onde está Matapitos? (*Chamando*) Matapitos, Matapitos!

MATAPITOS: (*Detrás do cadro de sorte que don Miguel o ve no marco da Fiestra Baldeira*). Estou aquí.

Vicente Risco
O BUFÓN D'EL REI (1928)

ESCENA TERCEIRA
O BUFÓN, ORTRUDA.

ORTRUDA: Sosegade, e falemos un pouco... Sentade aquí no escano, á miña beira, e fitádeme ben... Así. (*O Bufón, un pouco amedrentado, senta onde a vella azafata*)... A Señora Ortruda ten xa moitos anos... Ten visto nacer moitos reis e morrer moitos bufóns! Sabe unha chea de historias vellas que outros teñen xa esquecido; sabe todas as parentelas, as vodas, as herdanzas, os feudos, os brasóns, os alcumes e as divisas de catro ou cinco reinos... Sempre é proveitoso falar con quen tanto sabe, señor Bufón! (*Pausa*) Estás satisfeito da túa obra, Duque de Kerganor? (*O Bufón érguese arrepiado*) Tes medo, Duque de Kerganor?

O BUFÓN: Por que me dades ese nome?

ORTRUDA: É o teu!

O BUFÓN: Si, Galehaut de Kerganor, mais por que o sabes ti?

ORTRUDA: O vello Duque Lisuarte de Kerganor tivo dous fillos: Galehaut e Tintagil. O primeiro era doente: chepudo, trencado, torto para un lado, feo, nin podía montar a cabalo coma os homes, nin podía coas armas, nin podía manexar a lanza nin a espada... Así era o herdeiro de Kerganor: un duque que na súa vida sería cabaleiro. O vello Lisuarte, daquela, matinou o modo de facer o seu herdeiro a Tintagil. Tintagil era fermoso coma un buxo e deprende que daba gloria todas as artes da cabalaría. O seu corazón era tamén nobre e xeneroso... Aínda eran os dous rapaces de doce ou trece anos, e Tintagil era xa un perfecto escudeiro, namentres que Galehaut era xa sabedor de todas as malas artes. Cheirou Galehaut o que seu pai se propuña, e un día axudado de dous servidores, achándose fóra o duque Lisuarte, deulle a Tintagil un bebedizo, e despois vendeullo a uns monicreques que pasaban por Kerganor... Mais Lisuarte, cando regresou, e soubo o que pasara, maldiciu e desherdou a Galehaut e botouno da casa. Lisuarte morreu de alí a pouco de pena. Galehaut, baixando e baixando, chegou a ser bufón d'El Rei... Non é certo o que eu digo?

O BUFÓN: É.

ORTRUDA: Agora, Galehaut, vouche contar o que ti non sabes... Escoita: os monicreques que mercaron a Tintagil de Kerganor, vendido por ti, seu irmán, correron moita terra e visitaron moitos reinos. Co bebedizo que ti lle deras, Tintagil esquecera o seu nome e a súa terra e a súa xente. Mais non esquecera as artes da cabalaría. Era tan fermoso que un fidalgo estranxeiro que non tiña fillos, mercoullo aos monicreques por moitas moedas de ouro, e tívoo coma seu fillo, e fixoo armar cabaleiro. E logo Guindamor foi buscar fortuna coma cabaleiro errante...

O BUFÓN: Guindamor! Chamábase Guindamor!

ORTRUDA: Aquí chamábanlle Guindamor, mailo seu nome verdadeiro era Tintagil de Kerganor.

O BUFÓN (*tapando a cara coas mans*): Era meu irmán!

ORTRUDA: Era teu irmán. (*Hai un longo silencio*). Xa o sabes, Galehaut; pódeste recrear na túa obra!

O BUFÓN: Xa o sei, Ortruda, non quero que contes máis; fun un malvado, fun traidor a todos os sentimentos dos homes; mais, son eu tan sequera un home, Ortruda? Algunhas... Algunha vez coidei ser máis!

ORTRUDA: Soberbio, aínda!

O BUFÓN: Nacín nun elevado leito, véxome arrastrado coma as bestas!

ORTRUDA: Coma as bestas pezoñentas.

O BUFÓN: Coma besta pezoñenta; mais agora, Ortruda, agora el perdooume; deume un anel que lle dera Iolanda, para que llo devolverse, e aquí llo veño traer, correndo o risco de que o Rei o saiba e me mande tamén matar... Ogallá! Aquí traio o anel, Deixádeme cumprir a súa derradeira vontade!

ORTRUDA: Preguntareille... (*Érguese para ir onde a Raiña*).

ESCENA CUARTA
ORTRUDA, O BUFÓN, A RAÍÑA.

Ábrese a porta de dentro, e aparece a Raiña pálida, desengaixada, esguedellada.

A RAÍÑA (*estende a man para calmar a Ortruda e mais o Bufón, que están asustados*): Abonda, xa o sei

todo... (*O Bufón cae de xeonllos diante dela*) Ortruda, sácalle o anel a este home! (*O Bufón dálle o anel á azafata, que llo entrega á Raíña*) E agora, que marche!

O BUFÓN (*erguéndose*): Raíña Iolanda! Eu vin aquí humilde e arrepentido cumprir a derradeira vontade do que vai morrer por vós!... Nada vos debo! Desprezado fun toda a vida para que agora me firan as vosas aldraxes!... Raíña Iolanda! O duque Galehaut de Kerganor amouvos coma ningún outro pode amar neste mundo. De feo puña medo miralo, e era bufón d'El Rei. Outro aventureiro triunfou no voso querer, e fíxovos faltar á fe xurada no altar. Mailo bufón vingouse... mañá, o cadáver martirizado de Guindamor queimarase ao lume das brasas, e as súas cinzas irán á esterqueira. Canto a vós, Iolanda, morreredes dunha doenza estraña de aquí a un día ou dous. Vós, Ortruda pediredes esmola polas rúas da vila, polos carreiros e nas portas das igrexas... Abofé que a vinganza é digna dun Kerganor!

A RAÍÑA (*petando na porta de afora*): ¡Golod! ¡Golod!

Soan os ferrollos e entra o Carcereiro.

ESCENA DERRADEIRA
A RAÍÑA, O BUFÓN, ORTRUDA, O CARCELEIRO.

CARCELEIRO: Que manda a miña Señora?

A RAÍÑA: Colle a este maldito e bótao da torre abaixo. Que volva para o inferno de onde saíu!

O Carcereiro agarra o Bufón e guinda con el pola fiestra.

CAIO PANO

Ramón Otero Pedrayo
A LAGARADA (1929)

ACTUS PRIMUS
ESCENA PRIMEIRA

Segue falando baixo, cun tremor na voz a Señora Bubela e o Arqueólogo escoitándoa embobado. Coa noite entra no curro un estrondar de xente barulleira. Veñen en fato as vendimadoras, queimadas as gorkas de cantar e rir; recendentes ó mosto das uvas e á terra outoniza. Veñen os homes enlarafuzados aspirando cun aire canso e raiolante a un tempo todo o feitizo sensual do outono e da muller.

CORO DE VENDIMADORAS: Boas noites, señor amo! Angueira baril fixemos este serán. A viña portouse ben, ho. Endexamais ollos de xente viron baceiros de tanto render. Mais para outro ano, se Deus quixer, tennos que mandar mozos máis algareiros. Ten uns fillos máis tristes que o cantar do abade nos responsorios (*Rin tolas*).

O SEÑOR VENCES (*de mal xenio*): Calade gandainas do demo! Vós só pensades nas falcatuadas e en faltarlle ó respecto ós patróns. (*Máis enfurruñado*) Igual vos digo, mozos, larpáns deslinguados. Na miña casa mando eu. Quero gardar os costumes que aprendín no tempo en que os homes eran homes. Vós aínda tedes que eprender como se traballa. Os cestos de hoxe! No meu tempo levaba un en cada ombreiro. Conque o dito, a cear e a calar...

As grandes voces do patrón enchen o patio. Todos calan un pouco estarrecidos. O Arqueólogo e a Señora Bubela figura que están contándose un segredo.

A BASILISA (*na porta da bodega, falando baixo ó Delmiro*): O pousafoles do vello debeu pisar unha mala herba! Mal raio o coma!

O DELMIRO (*cos ollos cheos de paixón e desgusto*): Cala ti. Boas carantoñas lle fas. Quéntaslle o leite cando lle pica o sangue, donicela. (*Achegándose a ela xa na porta da corte onde o pendello fai sombrizo*) Eu toleo por ti. Teño arrepiós de febre... Bailando hoxe na moxega só tiña suspirar para ti. Desleigada! Pola bufarda mentres calcaba os acios agardaba o instante en que rubías á fonte... Antes que chegaras á volta do parral xa me daba o corpo que chegabas ti, miña coroa. E eu son para ti unha area de sal, un pobre, fillo da fame, un farrapeiro. Até tes por menos botarme unha ollada...

A BASILISA (*cala cos ollos afundidos na distancia. De súpeto fala claro e con aire determinado*): Esta noite temos que falar... Despois de cear... Cando todos estean embobados ós contos... Na fonte.

Afástase coma un lóstrego do rapaz. Séntese o balbordo de homes e mulleres na cociña; pola porta aberta vense todos sentados en bancos; en cestas, algúns de pé tomando grandes cuncas de caldo arredor dun gran lume de garamatas de loureiro e piñeiro.

O SEÑOR VENCES (*paseando de mal xenio polo curro e mascando un anaco de cigarro forte; fala nel a voz dun enxame interior*): Vaise con todos, a corza, a gandaina... Lambeume os cartos Aquela xugada de bois amarelos que daba xenio o miralos na feira do vinte un! E todo para que? Agora fai burla de min, que son un vellote carraxento, e toda a parroquia afía as dentamias de raposo envexoso no meu coiro engurrado. Agora enxergo as cousas claramente (*Detense cos dentes pechados coma quen toma un acordo para sempre*). Os meus cartos foron... Para onde foron? Eu nin sequera probei a súa carne enmeigada... A min ninguén me quere! Estou afeito. Igual que os corvos. Xudeus famentos! A filla sáeme parva... Tan parva coma a nai. Alá está dándolle á lingua co ese señorito tolo. É para estoupar de noxo!

A BUBELA (*falando co Arqueólogo na cima da escaleira*): Meu señor, fai moito tempo que non franqueei con ninguén as miñas mágoas. Isto que lle dixen élle igual que unha confesión. (*Ten nos ollos unha luz estraña. É xa de noite. Voan polo ceo grandes ás de nubes mouras*) Teño medo, señor. Sinto no ar algo que vai chegando. Non o quero dicir! Penso que eu, pobre vella, non rematei o meu Purgatorio. Sinto nos beizos un gostar de sangue. Polo que máis queira, pola súa nai, señor, non cave no monte de Medelo!

O ARQUEÓLOGO (*erguéndose*): Adeus, señora María! Non faga caso dese sarillo que lle dá voltas na cabeza. Unha petrucia coma vostede ha ser forte, rexa, serea, coma os penedos. Ás boas noites. (*Baixa as escaleiras e vaise cruzando o curro sen saudar o Sr. Vences*).